

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

1

Asunto. Bases de contratación para a selección para o posto de administrativo/a na Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra (GALP – RP).

A Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra (en adiante, GALP-RP) é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 baixo a denominación de Grupo de Acción Costeira nº 6 Ría de Pontevedra para o desenvolvemento do eixe 4 do FEP.

Para continuar con esta labor o Grupo optou a consideración como candidato para a xestión do novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca no relativo a desenvolvemento local. Por Resolución do 31 de xullo de 2015 da Conselleira do Mar da Xunta de Galicia o Grupo foi seleccionado como candidato a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro para a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no período de programación do FEMP 2014-2020 en Galicia, consonte ao establecido na correspondente convocatoria publicada na Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia do 6 de abril de 2015 (DOG nº 71, do 16 de abril de 2015).

Nos termos previstos no artigo 16.3 da dita Orde o GAC da Ría de Pontevedra elaborou a súa EDLP que foi aprobada por Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar da Xunta de Galicia do 25 de xaneiro de 2016, na que tamén se selecciona ao propio GALP como entidade colaboradora e co que a dita Consellería asinou o oportuno Convenio de Colaboración para a aplicación da EDLP no marco do desenvolvemento sostible das zonas de Pesca do FEMP 2014-2020.

Con anterioridade a sinatura do convenio o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra mudou os seus estatutos para adaptalos ao cumprimento dos fins previstos no capítulo II do Título III do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello do 17 de decembro de 2013, así como na sección 2º do Capítulo III do Título V do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e ás regulacións ditadas pola Consellería do Mar.

As cláusulas 15º e 16º do Convenio-tipo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na data do 10 de decembro de 2015 dispoñen que o GALP deberá dotarse dos medios persoais axeitados e coa cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión do programa e para realizar as funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora, cuxo custe se financiará con cargo á dotación económica establecida no propio Convenio para gastos de funcionamento.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

Consonte ao establecido na súa cláusula 16.3., o cadro de persoal do GALP deberá estar composto por un/ha xerente, posta que deberá existir en todo caso, por persoal técnico e por persoal administrativo. Por acordo da Xunta Directiva do GALP – RP, a entidade que xa dispón de xerente, acordou a contratación dun administrativo.

O proceso de selección do persoal do GALP haberá de realizarse mediante o procedemento establecido no cláusula 16.2. do Convenio, con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade de forma que se garantan os coñecementos do persoal seleccionado.

Neste senso, na xuntanza FARNET celebrada en Bruxelas en setembro de 2014, na que se analizaron as "leccións aprendidas" (os logros e as carencias) durante o primeiro período 2007-2013 de execución das estratexias de desenvolvemento local no marco do Eixo 4 do FEP por parte da Comisión, a rede europea de Grupos de Acción costeira, representantes das autoridades de xestión e dos propios Grupos (FLAGs) concluíron, entre outros extremos, que no proceso de selección do persoal dos Grupos debería valorarse a experiencia profesional acreditada en desenvolvemento local participativo.

Así mesmo, a propia Consellería do Mar da Xunta de Galicia, durante o proceso de selección dos GALP para o período 2014-2020, estableceu unha "guía" concretando o contido desa experiencia profesional, incluíndo a formación continua, que debe posuír o equipo técnico do GALP que, a través destas bases se adapta á categoría de administrativo valorándose os servizos prestados nas Asociacións Grupo de Acción Costeira e noutros entes vinculados ao Fondo Europeo do Pesca ou ao Fondo Europeo Agrario e de Desenvolvemento Rural.

Deste xeito, as presentes bases establecen unha estrutura do concurso na que queda garantida a esixencia de coñecemento do persoal que resulte seleccionado imposta polo reflectido Convenio de Colaboración.

PRIMEIRA.- XESTION DO CONCURSO.-

- 1.1. Ao carecer o GALP Ría de Pontevedra de medios materiais e persoais para a xestión do concurso, consonte á normativa que rexe a contratación da asociación establecida no Convenio Colaboración coa Consellería do Mar, decidiuse externalizar na empresa XERA CONSULTORES a xestión do mesmo.
- 1.2. En todo caso, o GALP Ría de Pontevedra, a través da súa xerencia, poderá inspeccionar e impartir instrucións á empresa que xestione o concurso para un mellor desenvolvemento deste, podendo requirir, en calquera momento, a información que estime oportuna que deberá ser subministrada de inmediato polo mesma.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.

- 2.1. O GALP Ría de Pontevedra convoca un concurso para a selección dun/a traballador/a do seu cadro de persoal coa categoría profesional de administrativo/a nos termos previstos no acordo da Xunta Directiva de febreiro de 2016 e segundo os condicionantes da contratación establecidos polo Convenio asinado coa Consellería do Mar para a xestión das axudas ao desenvolvemento local participativo ao abeiro do FEMP.
- 2.2. O réxime de contratación será laboral séndolle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra e as revisións que resulten de aplicación.
- 2.3. O contrato de traballo será a tempo completo e se desenvolverá na sede técnica do GALP Ría de Pontevedra. O contrato será por obra ou servizo determinado, ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector da ría de Pontevedra, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, (EDLP) no marco do Desenvolvemento Sostible das Zonas e Pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, (FEMP), 2014 - 2020.
- 2.4 As retribucións do posto de traballo están limitadas polos límites establecidos no cláusula 16.3.c).2º do Convenio de Colaboración asinado entre o GALP e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, entre 19.000 e 23.000 € a xornada completa. A retribución bruta anual definida polo GALP Ría de Pontevedra no seu orzamento é de 20.000 € brutos anuais repartidos en 14 pagas.
- 2.5. O contrato será por obra e servizo para a xestión da aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativas no marco do desenvolvemento sostible das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Estará sometido por tanto á duración e posibles variacións económicas do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento local participativo, no marco do desenvolvemento sostible das Zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) 2014 – 2020.
- 2.6. A xornada laboral será a que determine o GALP Ría de Pontevedra.
- 2.7. O contrato de traballo non comporta relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que participen no seu desenvolvemento e a consellería,

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RIA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da mesma.

4

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS/OS ASPIRANTES.

Para seren admitidos/os no proceso selectivo as/os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da sinatura do contrato de traballo os seguintes requisitos:

3.2.1. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais subscritos polo Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras/es.
- b) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos/as españois/las e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar as/os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

3.2.2. Idade:

Ter feitos os dezoito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

3.2.3. Titulación:

- a) Estar en posesión do título de **Técnico Superior en Administración e Finanzas, Técnico Superior en Secretariado, Titulación Equivalente*¹**.

¹ Las titulaciones equivalentes se recogen en la Ley Orgánica 2/2006, de 3 mayo de Educación (BOE de 4 de mayo de 2006), en el Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, por el que se desarrollan determinados aspectos de la ordenación de la formación profesional en el ámbito del sistema educativo (BOE de 8 de mayo de 1998) y en el Real Decreto 986/1991, de 14 de junio, por el que se aprueba el calendario de aplicación de la L.O.G.S.E. (BOE de 25 de junio de 1991)

BACHILLER DE LA LEY 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa
PRIMERO DE LOS DOS CURSOS DE BACHILLER DE LA LEY ORGÁNICA 1/1990, de 3 de octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo
BACHILLER DE LA LEY ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de Educación
TÉCNICO ESPECIALISTA DE LA LEY 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa
TÉCNICO ESPECIALISTA (FP DE SEGUNDO GRADO Y MÓDULOS PROFESIONALES DE NIVEL III) DE LA LEY ORGÁNICA 1/1990, de 3 de octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RIA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

- b) Posuír o Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, polo que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galego (DOG nº 146, do 30 de xullo).
- c) Estar en posesión de carnet de conducir tipo B.
- d) Dispoñibilidade de vehículo.
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
- f) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- g) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os/as aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- h) Dispoñibilidade horaria.

5

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e durante o período de vixencia do contrato.

CUARTA.- SOLICITUDES.-

4.1. As persoas que desexen participar no concurso deberán facelo constar nunha solicitude que poderá presentarse no modelo normalizado de instancia para a inscrición no concurso que se achega como Anexo 1. A participación no proceso selectivo será gratuíta.

4.2. Nas instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases e, someténdose as mesmas, reúnen os requisitos esixidos na base Terceira. As instancias estarán dirixidas ao

TÉCNICO SUPERIOR (FP DE SEGUNDO GRADO Y MÓDULOS PROFESIONALES DE NIVEL III) EN LA CORRESPONDIENTE ESPECIALIDAD DEL REAL DECRETO 777/1998 (en los casos que nos ocupan TÉCNICO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN Y FINANZAS, TÉCNICO SUPERIOR EN SECRETARIADO) , de 30 de abril, por el que se desarrollan determinados aspectos de la ordenación de la formación profesional en el ámbito del sistema educativo.



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

Sr. Presidente do GALP Ría de Pontevedra e deberán constar nela, en todo caso, os seguintes datos:

1. Nome, apelidos e DNI da/o aspirante.
2. Enderezo.
3. Correo electrónico a efectos de notificacións.
4. Teléfono móbil.
5. Data e sinatura da/o aspirante.

4.3. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

6. Fotocopia compulsada do DNI da/o aspirante.
7. Fotocopia simple do título profesional requirido.
8. Copia simple do permiso de conducir.
9. Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
10. Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
11. Copia simple do informe de vida laboral e contratos.
12. Declaración xurada de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
13. Declaración xurada de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das funcións competentes ao posto de traballo.
14. Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade nin ter sido declarado en tal situación, segundo a lexislación vixente.
15. Fotocopia acreditativa de estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) ou o equivalente ao que se refire a Base 3.2.3.b).

4.4. A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, agás o disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

4.5. Asemade da documentación esixida para ser admitido/a, os/as aspirantes deberán presentar na mesma data a documentación acreditativa da experiencia profesional e da formación continua consonte se especifico na Base 6.2.C. Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

4.6. Os/As aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Asemade, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta acomodación sexa necesaria.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

7

4.7. Lugar de presentación:

A solicitude deberá dirixirse ben presencialmente, ben por correo ordinario ao rexistro do GALP en sobre pechado:

GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA
Edificio de Servizos Portuarios. Porto Pesqueiro Norte s. N. Porto de Marín
36900 MARÍN

En horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres ou por correo electrónico:

xeraconsultores@xeraconsultores.com

Naqueles casos nos que a presentación se faga por correo, deberase xustificar a súa presentación mediante o envío de copia selada por correo electrónico ao enderezo xeraconsultores@xeraconsultores.com antes das 14:00 horas do último día do prazo de presentación

4.7. Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días hábiles (de luns a venres, excluídos festivos) contados dende a última publicación nos medios indicados na Base 5.

QUINTA.- PUBLICIDADE E INFORMACIÓN.-

O GALP-RP deberá dar publicidade ao proceso selectivo de contratación do seguinte xeito:

1. Mediante a publicación dun anuncio da convocatoria na prensa escrita de maior tirada da zona pesqueira
2. Mediante a remisión dun anuncio aos concellos que formen parte do territorio do GALP - RP para a súa publicación nos seus respectivos taboleiros de anuncios.
3. Mediante a publicación dun anuncio e das Bases no taboleiro de anuncios da sede do GALP - RP.
4. Mediante a publicación do anuncio da convocatoria e das Bases na páxina web de acción costeira, no apartado "novas".

<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/taxonomy/term/3>

e no apartado de contratación de persoal:

<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/taxonomy/term/44>

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

Ademais poderase obter información telefónica sobre o desenvolvemento do concurso mediante chamada ao número de teléfono 986 184 224 ou 655 595 335 en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

8

SEXTA.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.-

6.1. Admisión de aspirantes.

Finalizado o prazo de presentación de instancias e no período máximo de 5 días naturais, a presidencia do GALP - RP aprobara e publicará a relación provisional de admitidos e excluídos con respecto á documentación esixida, que será publicada nos taboleiros de anuncios dos concellos que forman parte do GALP – RP, no taboleiro de anuncios da Sede do GALP da Ría de Pontevedra e na web www.accioncosteira.es, indicando as causas de exclusión e concedendo un prazo de dous días hábiles para a subsanación de defectos.

O concurso de selección de persoal contará de dúas fases:

6.2. Puntuación máxima e fases do concurso.

A puntuación máxima alcanzable no conxunto das dúas fases do concurso será 20,00 puntos, estruturándose do seguinte xeito:

- A) Primeira Fase: Puntuación máxima alcanzable por esta fase: 14,00 puntos consonte ao seguinte esquema:
 - a) Valoración da experiencia profesional.- Puntuación máxima alcanzable por este apartado: 10,00 puntos.
 - b) Formación Continua.- Puntuación máxima alcanzable por este apartado: 4,00 puntos.
- B) Segundo Fase:
 - Entrevista: Puntuación máxima alcanzable nesta fase: 6,00 puntos.

6.2.A. PRIMEIRA FASE.-

6.2.A.a) Valoración da experiencia profesional.

Puntuación máxima alcanzable por este apartado: 10,00 puntos consonte aos seguintes criterios:

- a) Valoración dos servizos prestados, por calquera vínculo xurídico, na categoría profesional de administrativo en entidades sen ánimo de lucro que xestionaron programas de **desenvolvemento local participativo** (GACs, grupos LEADER, PRODER II, AGADER a partir de fondos europeos de pesca ou agricultura (FEP, FEADER,..) no período 2007-2013 e anteriores, a razón de 0,15 puntos por mes completo de servizos.



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

- b) Valoración dos servizos prestados, por calquera vinculo xurídico, na categoría profesional de administrativo nas asociacións ou organismos que xestionaron outros Fondos Europeos, tales como FSE, FEDER, a razón de 0,05 puntos por mes completo de servizos.

9

Para o caso de que se tivesen prestados servizos a tempo parcial, a valoración realizarase en función da xornada de traballo efectivamente realizada computándose tan solo a porcentaxe que corresponde sobre a xornada semanal completa de 37,5 horas e agrupándose posteriormente en días enteiros e meses a fracción resultante.

6.2.A.b) Valoración da Formación continua.-

Puntuación máxima alcanzable por este apartado: 4,00 puntos consonte os seguintes criterios:

- Valoración de cursos de Informática, ata un máximo de 3 puntos: Internet, correo electrónico, Windows, Microsoft Office (word, excell, power point), consonte os seguintes criterios:
 - Cursos de 12 a 40 horas: 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de 41 a 75 horas: 1 puntos por curso.
 - Cursos de 76 a 100 horas: 2 puntos por curso.
 - Cursos de máis de 101 horas: 3 puntos por curso.
- Valoración de cursos de procedemento administrativo cos seguintes criterios:
 - Cursos de 12 a 40 horas: 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de 41 a 75 horas: 1 puntos por curso.
 - Cursos de 76 a 100 horas: 2 puntos por curso.
 - Cursos de máis de 101 horas: 3 puntos por curso.
- Valoración de cursos de linguaxe administrativo galego cos seguintes criterios:
 - Cursos de 12 a 40 horas: 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de 41 a 75 horas: 1 puntos por curso.
 - Cursos de 76 a 100 horas: 2 puntos por curso.
 - Cursos de máis de 101 horas: 3 puntos por curso.
- Valoración de cursos que acrediten coñecementos de outros idiomas (inglés ou francés) ata un máximo de 0,5 puntos.
Valorarase con 0,5 puntos a acreditación de certificados de competencia lingüística en inglés e/ou francés en niveis intermedio ou superiores.
- Non se valorará as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica e/ou de formación profesional regrada; a asistencia a



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares e os módulos ou partes integrantes dun curso.

10

6.2.B.a. Acreditación da experiencia.

A acreditación da experiencia profesional valorable neste concurso deberá ser aportada polos/as aspirantes mediante a achega, xunto coa súa solicitude, da seguinte documentación que reflecta claramente o posto de traballo desenvolvido, a categoría profesional, o grupo de cotización, o tipo de xornada de traballo e a duración da vida laboral:

- Fotocopia compulsada dos contratos de traballo.
- Certificación expedida ben polo órgano competente das Asociacións Grupo de Acción Local ou, no seu caso, polo órgano competente das asociacións ou organismos que xestionaron outros fondos europeos
- Informe de vida laboral expedido polo Tesouraría Xeral da Seguridade Social que se contrastara cos documentos anteriores.

6.2.B.b. Acreditación da formación:

A acreditación da formación deberá ser aportada polas/os aspirantes mediante a achega, xunto coa súa solicitude, de fotocopia compulsada dos certificados, títulos ou diplomas emitidos polo entidade que impartiu a formación, facendo necesariamente referencia ao número de horas e debendo incluírse nos mesmas os seguintes datos: contidos, datos de importación, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

6.2.C) Desenvolvemento desta fase:

6.2.C.1. A lista de aspirantes coas puntuacións obtidas na primeira fase no concurso publicarase no páxina web www.accioncosteira.es, no apartado "novas" **no prazo máximo de quince días** dende a data límite de entrega de documentación:

<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/taxonomy/term/3>

e no apartado de contratación de persoal

<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/taxonomy/term/44>

así como no taboleiro de anuncios do sede do GALP – RP.

6.2.C.3. Os/as interesados/os poderán presentar reclamacións contra as puntuacións da primeira fase do concurso no prazo de 48 horas mediante escrito indicando os motivos do súa reclamación. Dito escrito haberá de ser, necesariamente, presentado por correo electrónico no enderezo xeraconsultores@xeraconsultores.com. A resolución dos posibles



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

reclamacións notificárase individualmente aos interesados, pola empresa encargada da xestión do concurso, ben por correo electrónico e, no seu defecto, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede do GALP **no prazo máximo de 5 días naturais**.

6.2.C.2. Unha vez rematada esta fase, a empresa encargada da xestión do concurso remitirá a xerencia do GALP, para a súa remisión e publicación na páxina web de acción costeira, nos apartados anteriormente citados, así como para a súa publicación no taboleiro de anuncios do sede do GALP - RP. O resultado da primeira fase do concurso indicando detalladamente, para cada un das/os aspirantes admitidos, a puntuación obtida nos apartados de valoración da experiencia profesional e de formación continua, establecendo a orde de clasificación acadado.

6.3. SEGUNDA FASE .- ENTREVISTA PERSOAL.

6.3.1. Os/as tres aspirantes que acaden a maior puntuación na Primeira Fase serán convocados/os pola xerencia do GALP para a realización dunha entrevista persoal. Esta entrevista será valorada de 0,00 a 6,00 puntos.

Para o suposto de que existan empates entre os aspirantes que deban ser convocados á entrevista persoal, o desempate dirimirase en función da maior puntuación obtida en función das circunstancias persoais, segundo os seguintes criterios:

1. Antigüidade en situación de desemprego: máximo 1 punto, sendo a puntuación de 0.50 puntos por cada ano en situación de desemprego. Acreditarase mediante certificado emitido pola Oficina de Emprego.
2. En función da situación familiar e persoal:
 - a. Vítimas de violencia de xénero: 1 punto
 - b. Candidatos maiores de 45 anos: 1 punto
 - c. Candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: 1 punto.
 - d. Candidatos con niveis de renda mais baixa. Nivel de renda da unidade familiar (que inclúe cónxuxe, ou parella de feito fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade), renda per cápita:

Ata 50% IPREM 2015.....**1 Punto**
ATA 100% IPREM 2015.....**0,5 Puntos**



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

- e. Candidatos con cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: máximo 1 punto (0,5 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental: Libro de Familia, Volante de Empadramento, Certificados de Pensións, Certificados da Oficina de Emprego, etc.).

12

En caso de persistir o empate deixarase a xuízo da Comisión de contratación a posibilidade de chamar as persoas con igual puntuación ou dirimira o empate ao chou, deixando constancia do mesmo nunha acta.

6.3.2. A convocatoria para a entrevista persoal dos/as tres aspirantes que obtiveran a maior puntuación na primeira fase, será realizada mediante correo electrónico individualizado remitido a cada un deles pola xerencia do GALP, agás que este non se sinalase na solicitude; así como mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios do sede do GALP.

Este anuncio publicarase unha vez transcorrido o prazo de reclamacións a que se refire a base 6.2.D.4. e, en todo caso, unha vez que estean resoltas polo **empresa encargada** do xestión do concurso as reclamacións que se tiveran presentado.

Quedaran excluídos/as do concurso aqueles/as aspirantes que non compareceran á entrevista. Entre a convocatoria e a realización do entrevista deberá mediar un mínimo de dous (2) días hábiles excluídos os sábados. Os aspirantes deberán asistir á entrevista provistos do seu DNI e serán chamados por orde alfabético do seu primeiro apelido.

6.3.4. A entrevista persoal versará sobre o currículo do/a aspirante", a súa experiencia profesional e coñecemento do posto de traballo, en particular, das seguintes materias:

- 1) O GALP Ría de Pontevedra: Os seus Estatutos. Réxime legal. Ámbito territorial. Sectores que o compoñen. O Sector Pesqueiro na Ría de Pontevedra e ámbito de influencia.
- 2) O GALP Ría de Pontevedra: Órganos directivos e de xestión. Réxime do persoal e contratación.
- 3) O GALP Ría de Pontevedra : Obxecto social e actividades.
- 4) As funcións do GALP "Ría de Pontevedra" no procedemento de concesión, seguimento, control e xustificación das axudas do FEMP



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

establecidas no convenio de colaboración asinado coa Consellaría do Mar da Xunta de Galicia.

13

6.3.5. As puntuacións obtidas polos aspirantes nesta segunda fase e o nome do persoa seleccionada publicaranse a través dun anuncio no taboleiro de anuncios do sede do GALP e no páxina web de acción costeira, no apartado "novas":

<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/taxonomy/term/3>

e no apartado de contratación de persoa:

<http://www.accioncosteira.es/?q=gl/taxonomy/term/44>

6.3.6. A entrevista será efectuada pola comisión de contratación elixida pola Xunta Directiva do GALP que estará composta polas seguintes persoas:

Presidente: José Antonio Gómez Castro

Secretaria: Consuelo Besada Lores

Vogais: María Luz Gómez Señoráns

María del Carmen Vázquez Nores

Vanesa Eirabella Torres

Actuará como secretaria da mesma, con voz e sen voto: Laura Nieto Zas, xerente do GALP – RP e un representante da empresa encargada do proceso de selección tamén con voz e sen voto.

En caso de ausencia de algún membro, facultase ao presidente para designar a outro membro da comisión que, en todo caso, deberá ter a condición de membro da Xunta Directiva do GALP. En todo caso será sempre necesario para a realización da entrevista a presenza do Secretaria e doutros dous membros do comisión.

SÉTIMA. RESOLUCION DO CONCURSO.-

7.1. Será seleccionado o/a aspirante que acade unha maior puntuación no conxunto de ambas fases, non podendo ser seleccionados mais aspirantes que postos de traballo a cubrir. De existir empate entre aspirantes, este dirimirase a favor da/ o aspirante que acadase maior puntuación na Primeira Fase do concurso e, para o caso de persistir o empate, dirimirase a favor do/a aspirante que acredite ter máis servizos prestados en entidades de xestión de estratexias de desenvolvemento local participativo na categoría profesional de administrativo ou técnico administrativo.

7.2. O/A aspirante seleccionado/a debera facer unha declaración por escrito na que conste que non esta incurso/a nos casos de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando incorporado ao seu expediente persoal na sede do GALP.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RIA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

- 7.3. O/a aspirante seleccionado/a se asinará e formalizará o correspondente contrato de traballo por obra e servizo debendo comezar a prestar o seu servizo o día que se lle indique polo xerencia do GALP.
- 7.4. Rematado o concurso darase conto do seu resultado a Consellería do Mar do Xunta de Galicia nos termos previstos no cláusula 16.2.d) do Convenio de Colaboración asinado co GALP.

14

OITAVA.- BOLSA DE TRABALLO.

Para os supostos de quedar vacante o posto de traballo de administrativo do GALP Ría de Pontevedra provisto por este concurso, nos casos de renuncia, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do contrato de traballo ou calquera outras causas, e con independencia se houbera dereito a reserva do posto de traballo do seu titular, así como para as contratacións laborais temporais que resulten necesarios efectuar por acumulación de tarefas, a Presidencia do GALP - RP poderá realizar contratacións da bolsa de traballo resultante do resto de aspirantes do concurso por orde da súa puntuación nas dúas fases ou, subsidiariamente, na primeira delas.

NOVENA.- APROBACION DAS BASES.-

As presentes bases foron aprobadas polo Comisión de Contratación nomeada pola Xunta Directiva do GALP – RP na xuntanza celebrada na data do 6 de abril de 2016. A Xunta Directiva do GALP delega expresamente nos membros da comisión relacionados na base 6.3.6. a resolución das reclamacións que se poidan presentar contra o contido das presentes bases e a resolución do concurso de selección de persoal.

Marín a 6 de abril de 2016.



Ría de Pontevedra
Grupo de Acción Local do
Sector Pesqueiro 2014 - 2020

Asdo. José Antonio Gómez Castro
Presidente



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RIA DE PONTEVEDRA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

ANEXO I

NOME		APELIDOS	
Data nacemento		D.N.I.	
ENDEREZO			
C.POSTAL		LOCALIDADE	
CONCELLO		PROVINCIA	
TFNO.		TFNO MÓBIL	
CORREO E.			

En virtude da convocatoria de contratación de persoal para o posto de Administrativo promovido polo Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra,

MANIFESTA

Que é coñecedor/a das Bases e se somete ás mesmas.
Que reúne os requisitos esixidos na Base Terceira, polo que

SOLICITA :

Participar no proceso de selección do posto de ADMINISTRATIVO.

Achégase a seguinte documentación:

-
-
-
-
-
-

Marín, _____ de 2016

Asdo.